



| Guía Docente          |  |                    |                      |           |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                      | 2023/24   |
| Asignatura (*)        | Desenvolvemento e prevención de condutas aditivas  |                    | Código               | 652G03035 |
| Titulación            | Grao en Educación Social   |                    |                      |           |
| Descritores           |  |                    |                      |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                 | Créditos  |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Cuarto             | Optativa             | 6         |
| Idioma                | Castelán   |                    |                      |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                      |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |                      |           |
| Departamento          | Psicoloxía   |                    |                      |           |
| Coordinación          | Ferradás Canedo , María del Mar  | Correo electrónico | mar.ferradasc@udc.es |           |
| Profesorado           | Ferradás Canedo , María del Mar  | Correo electrónico | mar.ferradasc@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |                      |           |
| Descrición xeral      | <p>O uso, abuso e dependencia de substancias, así como as adicións psicolóxicas, constitúen unha problemática socio-comunitaria de grande vixencia. A materia "Desenvolvemento e prevención de condutas aditivas" pretende introducir ao alumnado de Educación Social no campo das adicións, co fin de dotarlle das ferramentas conceptuais e metodolóxicas necesarias para a súa prevención desde unha perspectiva socioeducativa. En concreto, ao longo do curso se analizarán os principais factores intervincentes no inicio e mantemento das condutas aditivas, estudándose as súas repercusións a nivel persoal, laboral, social e comunitaria. Dacordo con isto, proporcionaranse diversas pautas e medidas dirixidas á súa prevención no contexto familiar, escolar e socio-comunitario.</p> |                    |                      |           |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.  |
| A4                                  | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.  |
| A5                                  | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.   |
| A7                                  | Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.  |
| A8                                  | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos   |
| A12                                 | Mediar en situacións de risco e conflito.  |
| A14                                 | Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.   |
| A17                                 | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.   |
| A21                                 | Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.  |
| B1                                  | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.   |
| B2                                  | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.   |
| B3                                  | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.   |
| B4                                  | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.  |
| B5                                  | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.   |
| B6                                  | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |



## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |          |          |
|---|-------------------------------------|----------|----------|
|   | A1                                  | B3       | C4       |
| Recoñecer a problemática das adicións como unha responsabilidade socio-comunitaria.   | A14<br>A17                          |          | C4<br>C8 |
| Discriminar os límites existentes entre a conduta normal e as condutas aditivas.  | A14                                 |          |          |
| Analizar os principais factores que interveñen, así como as pautas e liñas de actuación fundamentais, dirixidos á prevención das condutas aditivas. | A8<br>A12                           |          |          |
| Analizar os principais factores predispoñentes e precipitantes das condutas aditivas  | A4<br>A5                            | B1<br>B2 |          |
| Valorar a importancia da prevención das condutas aditivas no eido socio-comunitario.  | A8                                  | B5       | C7       |
| Deseñar e avaliar iniciativas e intervencións socioeducativas de carácter preventivo no campo das adicións.   | A7<br>A21                           | B4<br>B6 | C1<br>C6 |

## Contidos

| Temas  | Subtemas   |
|--|--|
| MÓDULO I: Aproximación conceptual ás adicións. | <ul style="list-style-type: none"> <li>1.1. Límites entre as condutas normais e as condutas aditivas.</li> <li>1.2. Clasificación das adicións.</li> <li>1.3. Semellanzas e diferenzas entre as adicións químicas e as psicolóxicas.</li> <li>1.4. Características das condutas aditivas.</li> <li>1.5. Factores de inicio e mantemento das adicións.</li> <li>1.6. Patoloxía dual: comorbilidade entre as adicións e outros trastornos mentais</li> </ul> |
| MÓDULO II: Adicións psicolóxicas.              | <ul style="list-style-type: none"> <li>2.1. Xogo patolóxico.</li> <li>2.2. Adición ao sexo.</li> <li>2.3. Adición ás compras.</li> <li>2.4. Adición á comida.</li> <li>2.5. Adición ao traballo.</li> <li>2.6. Adición ao exercicio físico.</li> <li>2.7. Adición ao móvil.</li> <li>2.8. Adición a Internet.</li> <li>2.9. Outros tipos de adicións psicolóxicas.</li> </ul>  |
| MÓDULO III: Adicións químicas.                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>3.1. Adición ao alcohol.</li> <li>3.2. Adición á nicotina.</li> <li>3.3. Adición ás anfetaminas.</li> <li>3.4. Adición ao cannabis.</li> <li>3.5. Adición aos alucinóxicos.</li> <li>3.6. Adición aos inhalantes.</li> <li>3.7. Adición á cocaína.</li> <li>3.8. Adición aos opiáceos.</li> <li>3.9. Adición a outros tipos de drogas.</li> </ul>   |
| MÓDULO IV: Prevención de condutas aditivas.    | <ul style="list-style-type: none"> <li>4.1. Tipos de prevención.</li> <li>4.2. Obxectivos a conseguir no tratamento de calquera dependencia.</li> <li>4.3. Liñas de intervención comúns a todas as adicións.</li> <li>4.4. Prevención de recaídas: estratexias de intervención.</li> <li>4.5. Programas de prevención: deseño, avaliación e intervención.</li> </ul>   |

## Planificación



| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados           | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|-------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Aprendizaxe colaborativa      | A4 A5 A7 A8 A14 B1 C4               | 2                                       | 6                       | 8            |
| Discusión dirixida            | A1 A5 A8 A12 A14 A21 B5 B6 C1 C2    | 4                                       | 4                       | 8            |
| Estudo de casos               | A1 A5 A7 A8 A12 A14 B4 B5           | 5                                       | 5                       | 10           |
| Portafolios do alumno         | A5 A7 A8 A14 A17 A21 B1 B3 B5 C4 C8 | 3                                       | 15                      | 18           |
| Proba mixta                   | A1 A5 A8 A14 A21 B1 B5 C4           | 3                                       | 32                      | 35           |
| Resumo                        | A14 B1 B2 C4                        | 4                                       | 6                       | 10           |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A5 A8 A16 A21 B4 C7           | 15                                      | 15                      | 30           |
| Solución de problemas         | A5 A8 A12 A14 A21 B1 B4 C4          | 2                                       | 2                       | 4            |
| Simulación                    | A7 A12 A21 C4                       | 2                                       | 2                       | 4            |
| Análise de fontes documentais | A5 A8 A14 B1 B5 C4 C6               | 2                                       | 6                       | 8            |
| Atención personalizada        |                                     | 15                                      | 0                       | 15           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Aprendizaxe colaborativa      | Tanto nas sesións expositivas como interactivas propóranse actividades en pequeno grupo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe mutua (planificación conxunta, comunicación multidireccional, etc.).  |
| Discusión dirixida            | O profesorado guiará o debate sobre diversas temáticas relativas ás adicións co obxectivo de promover o debate grupal, o intercambio de opinións e experiencias, etc.   |
| Estudo de casos               | Ao longo das sesións interactivas formularanse algunhas casuísticas relacionadas coa adición co obxecto de analizar en profundidade as súas causas, factores mantedores e consecuencias.  |
| Portafolios do alumno         | Cada estudante deberá recompilar todas as actividades propostas nas sesións interactivas nun dossier que entregará ao final do cuadrimestre, nunha data a sinalar polo profesorado. A entrega deste dossier é individual.   |
| Proba mixta                   | Para a avaliación dos contidos abordados nas sesións expositivas o alumnado deberá efectuar unha proba mixta que incluírá preguntas tipo test e outras de resposta curta (preguntas a responder cunha palabra ou en poucas liñas, de completar, de poñer un exemplo, unha definición dalgún termo relevante, etc.).   |
| Resumo                        | Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.  |
| Sesión maxistral              | As sesións expositivas serán desenvolvidas polo profesorado mediante presentacións en power point dos principais contidos de temario.   |
| Solución de problemas         | Entre as actividades propostas ao longo do curso, desenvolveranse algunhas nas que o alumnado deberá aportar solucións a problemas formulados en relación ás adicións.  |
| Simulación                    | Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes. |
| Análise de fontes documentais | Durante o desenvolvemento das sesións expositivas e interactivas proporcionaranse diversas fontes audiovisuais e escritas relacionadas cos contidos do temario co obxectivo de que o alumnado analice e comprenda os aspectos psicolóxicos e sociais implicados nas adicións.   |



## Atención personalizada

| Metodoloxías                         | Descrición  |
|--------------------------------------|---|
| Portafolios do alumno<br>Proba mixta | Tanto a preparación do exame como a realización das actividades que se incluírán no portafolio serán obxecto de atención individualizada ao longo do curso durante as horas de titorías. Estas titorías faranse preferentemente de forma presencial (titorías individuais), previa cita por correo electrónico. Porén, poderán desenvolverse titorías de forma virtual (correo electrónico, Campus virtual, Teams). |

## Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados              | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|--|---|---------------|
| Portafolios do alumno | A5 A7 A8 A14 A17<br>A21 B1 B3 B5 C4 C8 | En relación co portafolio valorarase:<br>- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.<br>- A profundidade do contido.<br>- O dominio das aplicacións empregadas na elaboración das propostas educativas.<br>- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.<br>- A presentación e a claridade na exposición. | 50            |
| Proba mixta           | A1 A5 A8 A14 A21 B1<br>B5 C4           | - Nas preguntas tipo test, definiranse diversas alternativas de resposta onde só unha será a correcta. Penalizaranse os erros nas respostas.<br><br>- Nas preguntas de resposta aberta, valorarase a precisión e claridade nas respostas, de tal xeito que o estudante amose un axeitado dominio e comprensión dos contidos avaliados.  | 50            |

## Observacións avaliación



## OPCIÓN A

Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ao 85%:

- a) Elaboración e presentación do portafolio/dosier de prácticas (50%).
- b) Exame escrito (tipo proba mixta) sobre os contidos da materia (50%).

## OPCIÓN B

Alumnado cunha asistencia/participación nas actividades de clase inferior ao 85% e alumnado con dispensa académica de exención de asistencia, recoñecida por parte da Facultade de Ciencias da Educación da UDC:

Exame escrito sobre os contidos teórico-prácticos da materia (100%).

## OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

Para o alumnado asistente (opción A):

1. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (dosier e proba mixta).
2. O dosier presentárase antes da data do exame oficial (para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o dosier).

Para todo o alumnado (opcións A e B):

1. A convocatoria de xullo (2ª oportunidade) estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de maio/xuño (1ª oportunidade).
2. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Así, será cualificado como "Non presentado" cando:

- a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou
- b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

## 3. Segundo

o artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudantado da UDC:

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".



|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Becoña, E. (2000). Los adolescentes y el consumo de drogas. Papeles del Psicólogo, 77, 25-32</li> <li>- Becoña, E. (2002). Bases científicas de la prevención de las drogodependencias. Madrid: Ministerio del Interior</li> <li>- Becoña, E. y Calafat, A. (2005). Los jóvenes y el alcohol. Madrid: Pirámide</li> <li>- Becoña, E. y Martín, E. (2004). Manual de intervención en drogodependencias. Madrid: Editorial Síntesis</li> <li>- Becoña, E. y Vázquez, F. (2001). Heroína, cocaína y drogas de síntesis. Madrid: Editorial síntesis</li> <li>- Corral, P., Echeburúa, E. e Irureta, M. (2005). Perfil psicopatológico diferencial de las mujeres ludópatas: implicaciones para el tratamiento. Análisis y Modificación de Conducta, 31, 539-556</li> <li>- Echeburúa, E. (1994). Evaluación y tratamiento de los trastornos adictivos. Madrid: Fundación Universidad-Empresa</li> <li>- Echeburúa, E. (2001). Abuso de alcohol. Madrid: Editorial síntesis</li> <li>- Echeburúa, E. (2005). Retos de futuro en el tratamiento del juego patológico. Adicciones, 17(1), 11-16</li> <li>- Echeburúa, E. (2012). ¿Existe realmente la adicción al sexo?. Adicciones, 24(4), 281-286</li> <li>- Echeburúa, E., Becoña, E. y Labrador, F. J. (Coords.) (2010). El juego patológico. Avances en la clínica y en el tratamiento. Madrid: Pirámide</li> <li>- Echeburúa, E. y Corral, P. (1997). Evaluación y tratamiento de un caso clínico de alcoholismo. Madrid: Pirámide</li> <li>- Echeburúa, E. y Corral, P. (2008). Juego responsable: ¿una alternativa para la prevención y el tratamiento de la ludopatía?. Adicciones, 20(4), 321-326</li> <li>- Echeburúa, E. y Corral, P. (2010). Adicción a las nuevas tecnologías y a las redes sociales en jóvenes: un nuevo reto. Adicciones, 22(2), 91-96</li> <li>- Echeburúa, E., Labrador, F. J. y Becoña, E. (Coords.) (2009). Adicción a las nuevas tecnologías en adolescentes y jóvenes. Madrid: Pirámide</li> <li>- Echeburúa, E. y Requesens, A. (2012). Adicción a las redes sociales y nuevas tecnologías en niños y adolescentes. Madrid: Pirámide</li> <li>- Fernández-Montalvo, J. y Echeburúa, E. (1997). Manual práctico del juego patológico. Madrid: Pirámide</li> <li>- Fernández-Montalvo, J. y Echeburúa, E. (1998). Laborodependencia: cuando el trabajo se convierte en adicción. Revista de Psicopatología y Psicología Clínica, 3(2), 103-120</li> <li>- Labrador, F. J. (Coord.) (2011). Técnicas de modificación de conducta. Madrid: Pirámide</li> <li>- López, A. y Becoña, E. (2006). El craving en personas dependientes de la cocaína. Anales de Psicología, 22(2), 205-211</li> <li>- Maciá, D. (1996). Las drogas: conocer y educar para prevenir. Madrid: Pirámide</li> <li>- Servicio Extremeño de Salud (2008). Manual de intervención en juego patológico. Badajoz: Junta de Extremadura</li> </ul> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- APA (2014). DSM 5. Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales. Buenos Aires: Panamericana</li> <li>- Bach, E. y Forés, A. (2010). La asertividad para gente extraordinaria. Barcelona: Plataforma Editorial</li> <li>- Beck, A. T., Wright, F. D., Newman, C. F. y Liese, B. S. (1999). Terapia cognitiva de las drogodependencias. Barcelona: Paidós</li> <li>- Caballo, V. E. (1993). Manual de evaluación y entrenamiento de las habilidades sociales. Madrid: Siglo XXI</li> <li>- Ellis, A., McInerney, J. F., DiGiuseppe, R. y Yeager, R. J. (1992). Terapia racional-emotiva con alcohólicos y toxicómanos. Bilbao: Desclée De Brouwer</li> <li>- Graña, J. L. (1994). Conductas adictivas. Teoría, evaluación y tratamiento. Madrid: Debate</li> <li>- Lega, L. I., Caballo, V. E. y Ellis, A. (2009). Teoría y práctica de la terapia racional emotivo-conductual. Madrid: Siglo XXI</li> <li>- Robles, H. y Peralta, M. I. (2009). Programa para el control del estrés. Madrid: Pirámide</li> </ul>  |

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



## Materias que continúan o temario

### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable, recoméndase enérxicamente ao alumnado que os traballos documentais que se realicen nesta materia sexan desenvolvidos en formato dixital. De realizárense en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

Así mesmo, esta materia abogará pola utilización dunha linguaxe inclusiva, tanto nas intervencións nas aulas como nos contidos traballados e actividades desenvolvidas. En coherencia con esta perspectiva, fomentarse a perspectiva de igualdade de xénero, tanto nas interaccións co alumnado como nos contidos desenvolvidos na materia.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías